

Estratexia EidusCoruña

Informe final de desenvolvemento e execución Marzo 2024



www.coruna.gal/eidus

ÍNDICE

1. Antecedentes	3
2. Grupos de traballo para o desenvolvemento e seguimento da execución.....	4
3. Estado final da execución de EidusCoruña.....	6
4. Modelo de Participación e GAU	16
5. Principios Horizontais e Obxectivos Transversais en EidusCoruña	19
6. Contido e estrutura da web EidusCoruña	21
7. Plan I+P+C (Información, Publicidade y Comunicación).....	24
8. Boas Prácticas.....	26
9. Plan de Aseguramento da Calidade	27
10. Comité de Avaliación de Risco de Fraude	28
11. Resultado dos procesos de verificación e control.....	28
11.1 Remanentes e outros gastos non executados	28
11.2 Funcionalidade das operacións.....	29
11.3 Contratos.....	29
11.4 Auditorías: resultados e conclusións.....	29
11.5 Correccións financeiras	29
12. Avaliación final	30
13. Glosario de termos e acrónimos:	31

1. Antecedentes

- A primeira redacción da estratexia EidusCoruña tivo lugar entre os anos 2015 e 2016
- A primeira convocatoria para optar a fondos EDUSI tivo lugar en 2015. O Concello da Coruña presentouse pero a súa candidatura non resultou seleccionada nesa convocatoria.
- Revisouse a estratexia para darlle outro enfoque no que predominaba un impulso á mobilidade dentro do modelo de cidade. O 12 de decembro de 2016 a estratexia EidusCoruña foi aprobada por:
 - o a XGL en sesión extraordinaria e urxente, previa ao Pleno celebrado a continuación.
 - o O Pleno municipal, por unanimidade.
- En 2016 tivo lugar unha segunda convocatoria de acceso a fondos DUSI aos que o Concello da Coruña optou novamente, e cuxa estratexia resultou seleccionada en xullo de 2017 sendo beneficiaria de 15 M de € aportados pola UE.
- Ao longo do período comprendido entre xullo 2017-febreiro 2018 levaronse a cabo todos os procedementos necesarios para por en marcha a estratexia municipal, que pasou a denominarse formalmente [estratexia "EidusCoruña"](#).
- En Xunta de Goberno Local de 1 de marzo de 2018 aprobouse o **lanzamento da estratexia**, tanto a nivel interno como externo, dando lugar á aprobación formal de:
 - o O Manual de Procedementos do Concello da Coruña (OIL) para as actuacións cofinanciadas polo FEDER en España no período de programación 2014–2020. (Manual de execución de EidusCoruña).
 - o O Plan de Execución do Proxecto EidusCoruña. Prioridades de Investimento EidusCoruña. Indicadores de Produtividade EidusCoruña.
 - o Convocatoria de Expresións de Interese (EdI) para potenciais beneficiarios de axuda do FEDER no marco da EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado) da cidade: EidusCoruña.
 - o Plan de Aseguramento da Calidade do Concello da Coruña
 - o Manual de Comunicación e Imaxe do Proxecto EidusCoruña
 - o Plan de Comunicación do Proxecto EidusCoruña.
 - o E, a toma de coñecemento da estrutura e contidos da nova web do proxecto EidusCoruña e do seu [Resumo Executivo](#), entre outros

Tras os anos transcorridos desde o lanzamento formal do proxecto (marzo 2018) ata o presente, houbo cambios políticos, estruturais e organizativos dentro do concello, ademais do achegado pola propia experiencia no desenvolvemento e execución da EDUSI, polo que precisou actualizar determinados documentos iniciais, entre eles:

- a) Unha nova versión revisada do Manual de Procedementos en 2020 e una adenda ao mesmo en 2023, actualizando a estrutura da xestión da EDUSI para adaptala á nova organización municipal resultado de dous procesos electorais, así como actualización de documentos de referencia seguindo os mandatos da Autoridade de Xestión (AX) do Ministerio de Facenda, que os validou o 21 de xaneiro de 2020 (aprobada previamente pola XGL o 09/10/2019) e o 13 de outubro de 2023, respectivamente. En ambos os casos e respecto da versión anterior de xaneiro de 2018, melloráronse e incorporáronse algúns aspectos como:

- un maior desenvolvemento da Unidade de Xestión (UdX) e da Unidade de Execución (UdE) incorporando como novidade a figura dos/as catro coordinadores/as de Obxectivo Temático (OT) ás tarefas de desenvolvemento e xestión da DUSI.
 - melloras en varios modelos-documentos-formularios dos procedementos de xestión da Estratexia.
 - impulso ao uso da plataforma electrónica Open Certiac de e-administración para a tramitación de procedementos e expedientes, cuxo “Manual de tramitación” incorpórase como apartado 8.11 para un mellor uso e execución dos procedementos por parte de toda a organización municipal.
- b) versión revisada do Plan de Comunicación, acordada na XGL do 26 de febrero de 2020.
- c) versión revisada do Manual de Comunicación e Imaxe, para axustarse á nova imaxe corporativa municipal, acordada na XGL do 15 de xullo de 2020.
- d) versión revisada do Plan de Aseguramento da Calidade, aprobado en XGL o 30 de decembro de 2020.

2. Grupos de traballo para o desenvolvemento e seguimento da execución

Para o axeitado control da execución da estratexia, conformáronse diferentes grupos de traballo a distintos niveis de implicación e rendición de contas das partes implicadas:

1. A partir do ano 2019, en primeiro lugar, tiñan lugar periódicamente reunións da comisión de seguimento interna da estratexia EidusCoruña, formada polo Director de Unidade de Xestión (UdX), o Coordinador da UdX, e o Coordinador da Unidade de Execución (UdE). Para tratar nestas reunións o equipo da UdX prepara un informe cos avances e situación de estratexia realizados desde a reunión anterior, dando conta ás dúas Unidades máis relevantes dentro da estrutura organizativa do Concello da Coruña a para a xestión da súa EDUSI.
2. En segundo lugar e tras a revisión do informe anterior no seo da comisión interna de seguimento, tiña lugar a o [Comité Técnico de Impulso \(CTI\)](#), formada polo Director de Unidade de Xestión (UdX), o Coordinador da Unidade de Execución (UdE), e as/os Coordinadores de Obxectivo Temático, apoiados pola Asistencia Técnica para clarificar as posibles dúbidas relativas á execución das operación por parte das Unidades Executoras (UUEE) involucradas no desenvolvemento da EidusCoruña. Este Comité constituíuse formalmente o 3 de decembro de 2019, e debía reunirse cunha periodicidade adecuada que permitise coñecer os avances das distintas obras e actuacións realizadas noso municipio.
3. [Comisión Informativa de Seguimento da estratexia territorial EidusCoruña](#). No marco da preparación da Estratexia DUSI conformouse unha Comisión Informativa Especial de Seguimento da estratexia con representación municipal de todos os grupos políticos da corporación no mandato 2015-2019, co obxecto de acordar a propia estratexia no que se refire á temática, obxectivos a cumprir e liñas de actuación. Esta Comisión Informativa Especial constituíuse o 16 de novembro de 2016 e, e desde esta data, e reuniuse en 9 ocasións máis nese mandato, sendo a última a sesión do 27 de novembro de 2018.

Retomado o impulso necesario para a correcta execución e o debido seguimento da estratexia DUSI da Coruña e cumprir prazos e requisitos, decidiuse no Pleno do 8 de xullo de 2021, dentro do mandato 2019-2023, que a Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda actuara como Comisión Informativa de Seguimento da estratexia EidusCoruña, para o que se reunirá polo menos dúas veces ao ano, e elevaría ao Pleno da Corporación os correspondentes informes de xestión para o seu debate. Esta Comisión tivo lugar o 11 de novembro de 2021, sendo polo tanto, a décima desde a posta en marcha do proxecto EidusCoruña.

No mandato 2019-2023 non houbo máis Comisións municipais informativas de seguimento da estratexia EidusCoruña ata a data de emisión deste informe final de execución, nin tampoco no actual mandato 2023-2027.

No ano 2020, e para dotar de **impulso á execución da Estratexia EidusCoruña**, adóptaronse unha serie de medidas destinadas a axudar a cumprir co obxectivo de execución en prazo da estratexia:

A/ O [Plan de Continxencia da Estratexia EidusCoruña](#) que establecía unha serie de medidas e instrucións de traballo para impulsar a execución da estratexia, dotándoa de maior axilidade, seguimento e impulso. O plan foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 30 de decembro de 2021, e articulouse ao amparo do Decreto de Prioridade da alcaldesa do 12 de maio de 2020.

B/ [Decreto de prioridade de trámites Eidus](#). O 12 de maio de 2020 mediante un decreto da alcaldía, declárase a prioridade absoluta de todos os trámites de calquera asunto concernente ou que favoreciera a execución material do proxecto EidusCoruña, publicado no BOP do 19 de maio de 2020.

C/ [Declaración de Urgencia de expedientes de Contratación Eidus](#), acordado pola XGL do 20 de maio de 2020 para todos os expedientes de contratación EDUSI, matizado pola propia XGL o 13/10/2021 para que, a partir da data dese novo acordo, os expedientes de contratación que tivesen que ver coa xestión do proxecto EidusCoruña cuxa competencia correspondese a dita Xunta, serían tramitados con carácter de urxencia en aplicación do art. 119.1 da LCSP e sempre que concorran as circunstancias sinaladas nese artigo e incluíndo, en todo caso, a motivación individualizada para cada expediente do seu carácter inaprazable e a adecuada xustificación da necesidade de acelerar a adjudicación no posible.

D/ **Sistema de Medición de Avance**. Encoméndouse á oficina de coordinación da Unidade de Xestión a articulación dos mecanismos necesarios para dotar de maior axilidade, seguimento e impulso á execución da Estratexia EidusCoruña. Para iso apróbase, por unha banda, o Sistema de Medición de Avance que mide a evolución do proxecto establecendo fitos e o seu valor porcentual, e por outra banda, apróbase a maqueta do cadro de seguimento e control de execución da estratexia.

3. Estado final da execución de EidusCoruña

A estratexia no seu conxunto, tal e como se concibiu inicialmente, implica un investimento global de 52.100.000 euros para o período 2014-2020, que en aplicación da regra comunitaria N+3 pódese ampliar ata decembro de 2023. A dotación financeira da mesma estrutúrase entre:

- **Plan de Implementación ou Pdl**, que é a parte da estratexia cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o propio Concello da Coruña, nunhas porcentaxes de cofinanciación 80%-20%, e supón 18.750.000 euros. No noso caso, isto tradúcese en 22 “Liñas de Actuación” (LA) máis xenéricas, que a súa vez concréntanse en 29 “operacións” (Op) a desenvolver na cidade. Estas operacións execútanse a través de “actuacións” moi específicas, e que neste momento son 59 actuacións (55 del eje 12 y 4 del eje 13). Esta actuacións a súa vez poden ser obxecto dun ou máis procedementos de contratación, correspondendo ao mes de outubro de 2021, a 75 licitacións.
- as **liñas que denominamos “Non Pdl”**, é dicir, un conxunto de Liñas de Actuación (son 34 LA) financiadas principalmente con fondos municipais cuxo importe previsto alcanzaría un total de 33.350.000 euros e que, xunto os 18.750.000 € do Pdl, completan o global da estratexia ata alcanzar os 52.100.000 €, tal e como se expuxo na candidatura. Polo tanto, estas 34 LA execútanse no marco da estratexia pero non están incluídas no seu Plan de Implementación.
- de maneira adicional hai outras actuacións que aínda que inicialmente non foron previstas na estratexia, a súa execución e seguimento pode enmarcarse nela, xa que actúan en ámbitos crave para a estratexia da cidade. **Son as denominadas “actuacións vinculadas”**. Exemplo delas son o programa “Conecta Coruña”, Connecting Nature, RU:URBAN, renovación da iluminación pública exterior da cidade, a Cidade das TIC, Cidades Abertas, rehabilitación de Casa Veeduría, etc.

A parte correspondente a estratexia EidusCoruña cofinanciada por FEDER nun 80% (o Pdl), ascende a **18.750.000 €** e as súas operacións distribúense obrigatoriamente nos 4 OT sinalados na táboa que se achega, respectando unhas porcentaxes de actuación definidas polo Programa Operativo e a CE.

OT	OBXECTIVO TEMÁTICO	ORZAMENTO EIDUS
Estas LA, Operacións e Actuacións cofinanciadas son as denominadas “Plan de Implementación”, ou Pdl.		
OT2	Mellora do acceso, do uso e da calidade das tecnoloxías da información e a comunicación	2.256.000 €
OT4	Apoio á transición hacia unha economía de baixas emisións de carbono	4.992.000 €
OT6	Preservación e protección do medio e fomento da eficiencia dos recursos	5.472.000 €
OT9	Fomento da inclusión social e a loita contra a pobreza e contra calquera tipo de discriminación	5.280.000 €
Eixo 13	Eixo de asistencia técnica	750.000 €
TOTAL		18.750.000 €
A estratexia EidusCoruña, no seu conxunto , inclúe LA e Operacións por un total de 52.100.000 € , dentro de dous OT (elixidos de xeito voluntario). Son as denominadas “Non Pdl”		
OT1	Fortalecemento da investigación, do desenvolvemento tecnolóxico e da innovación	
OT3	Mellora da competitividade das PEME	

En maio de 2021 a Unidade de Xestión (UdX) DUSI elaborou un **informe** no que se recollen os gastos executados en cada un dos ámbitos de actuacións mencionados. Deste xeito, o marco de execución da estratexia EidusCoruña na súa totalidade, supón unha inversión na cidade de **96.617.183,34** millóns de euros (a maio de 2021) ao longo do período analizado 2017-2021, moi por encima dos máis de 52 millóns de euros previstos inicialmente.


Maio 2021

Estructura EIDUS	2017		2021	
	Importes 2017	Fuente de financiación	Importes 2021	Fuente de financiación
1) PDI	18.750.000,00 €	15.000.000,00 € FEDER 3.750.000,00 € Ayuntamiento	22.209.056,80 €	15.000.000,00 € FEDER 7.209.056,80 € Ayuntamiento
2) No PDI	33.350.000,00 €	33.350.000,00 € Ayuntamiento	35.024.241,86 €	4.225.855,69 € FSE 30.798.386,17 € Ayuntamiento
3) Proyectos vinculados	No previsto	No previsto	39.383.884,68 €	16.899.968,00 € FEDER 4.820.000,00 € Xunta de Galicia 1.300.000,00 € AGE 6.000.000,00 € AGE+Xunta+Ayto 10.363.916,68 € Ayuntamiento
TOTAL		52.100.000,00 €		96.617.183,34 €

Os datos a mayo 2021 recollen mínimas variacións e axustes no importe total:

ACTUACIÓN	IMPORTE
Actuacións EIDUS Coruña incluídas no seu Pdi + MAIOR APORTACIÓN MUNICIPAL	20.760.734,29 €
Actuacións EIDUS Coruña non Pdi	35.024.241,86 €
Actuacións EIDUS Coruña non previstas inicialmente (operación VINCULADAS)	39.383.884,68 €
TOTAL	95.168.860,83 €

No marco do seguemento da execución da EidusCoruña, veuse de deseñar unha **ferramenta** baseada no software da Business Intelligence (BI) que nos permite coñecer o nivel de execución e de gasto de diferentes aspectos da xestión da estratexia. (ver páxina 23)




Esta ferramenta permite visualizar de xeito sinxelo aqueles aspectos da nosa EDUSI que resultan de interese. Escollendo os filtros precisos, pódense consultar desde o nivel de gasto executado ou certificado na totalidade do Pdl, ata os mesmos datos pero referidos a un **Obxectivo Temático** concreto, unha **operación**, ou una **actuación** específica.

A 20/03/2024, os datos da execución da estratexia EidusCoruña, son:

Nº de operacións	Nº de actuacións	Nº de contratos
29	50	77
Importe inicial de actuacións	Presupuesto adjudicación (con IVA)	Importe certificado por SPB
18.750.000,00	20.204.550,56	17.017.181,16



Por exemplo, na mesma data de referencia, o volume adxudicado sobre o total do Pdl + aportación municipal, é:



O volume das Solicitudes de Pago a Beneficiarios (SPB) presentadas é de **17.017.181,16 €**:



Co deseño e implementación desta ferramenta, que permite a consulta pública desde a web da estratexia EidusCoruña, cúmplase tamén un dos principios transversais da nosa estratexia como é a **transparencia e a rendición de contas** na súa xestión.



Descrición da execución e desenvolvemento da estratexia EidusCoruña por OT:
OT2. Mellora do acceso, do uso e da calidade das tecnoloxías da información e a comunicación

OT	LA	OPERACIÓN (29)	ACTUACIÓN // DESCRICIÓN	PREVISIÓNS		DATOS DEFINITIVOS		
				ORZAMENTO INICIAL ACTUACIÓN (€)	MAIOR APORTAC. MUNPAL. (€)	GASTO EXECUTADO	GASTO NON EXECUTADO	
OT2	LA9	Op9.1 - Portal web da mobilidade urbana	Portal web da mobilidade urbana	163.000,00		162.140,00	860,00	
		Op9.2 - Mellora do sistema de información da tarxeta Millennium e a súa virtualización para o seu uso en dispositivos móbiles	Mellora do sistema de información da tarxeta Millennium e a súa virtualización para o seu uso en dispositivos móbiles	200.000,00		199.581,49	418,51	
		Op9.3 - Implantación de ferramentas TIC para a mobilidade urbana asistida	Implantación de ferramentas TIC para a mobilidade urbana asistida	597.000,00		596.870,53	129,47	
	LA10	Op10.1 - Plataforma WEB - ferramenta integral de información turística e de mobilidade online-Smart Destination (aplicación SmartCity)	A) Control aforos.	336.000,00		104.871,22	15.371,32	
			B) Plataforma Turismo.L1			151.975,99		
			C) Plataforma Turismo. L2			63.781,47		
	LA20	Op20.1 - Monitorización enerxética mediante as TIC dos barrios da cidade	Monitorización enerxética mediante as TIC dos barrios da cidade	402.000,00		336.056,73	65.943,27	
			Sensibilización aforro enerxético	30.000,00		18.081,64	11.918,36	
	LA21	Op21.1 - Goberno aberto e servizos públicos electrónicos	App Cidadá Integral	115.000,00	65.000,00	114.865,23	134,77	
			Op21.2. Sistema de información de calidade ambiental	Subministro para a instalación e posta en marcha de diverso equipamento para a modernización do sistema de información da calidade ambiental da Coruña. LOTE 1. CALIDADE DO AIRE	413.000,00		202.132,94	53.782,52
				Subministro para a instalación e posta en marcha de diverso equipamento para a modernización do sistema de información da calidade ambiental da Coruña. LOTE 2. RUIDO AMBIENTAL			19.813,75	
				Desenvolvemento de aplicacións para o Sistema de Información Ambiental			85.924,19	
Sistema control calidade da auga na praia de Oza	51.346,60							
TOTAIS OT2				2.256.000,00	65.000,00	2.107.441,78	148.558,22	

OT4. Apoio á transición hacia unha economía de baixas emisións de carbono

OT	LA	OPERACIÓN (29)	ACTUACIÓN // DESCRICIÓN	PREVISIÓNS		DATOS DEFINITIVOS	
				ORZAMENTO INICIAL ACTUACIÓN (€)	MAIOR APORTAC. MUNICIPAL (€)	GASTO EXECUTADO	GASTO NON EXECUTADO
OT4	LA11	Op11.1. Programa de promoción da mobilidade a pé, a través de solucións de accesibilidade e diversificación dos medios de mobilidade e permeabilidade transversal en vías da cidade así como dotación de percorridos peonís	Mellora urbana do tramo final da rúa Ramón Cabanillas	193.000,00		132.430,00	27.478,65
			Reurbanización da rúa Victoria Fernández España	150.000,00	86.522,68	236.522,68	
			Acceso peonil ao polígono de Pocomaco desde o Birloque	267.000,00	136.383,33	386.596,64	
			Intervencións de mellora no espazo público no ámbito PEPRI: Rosario e Cortaduría	1.214.000,00		992.632,53	
			Obras de mellora da accesibilidade e humanización na rúa Orzán 32			48.339,50	
	LA13	Op13.1. Fomento e ampliación de camiños escolares interxeracionais: implementación de actuacións urbanísticas para mellorar a accesibilidade de nenos e nenas, maiores y demais persoas de mobilidade reducida	Melloras de seguridade e accesibilidade en itinerarios escolares	240.000,00		197.024,43	0,00
			Melloras da accesibilidade na rúa Roberto Tojeiro Díaz (acceso ao colexio San Francisco Javier)			47.050,00	
	LA14	Op14.1. Subministro e instalación de lectores, módulos, estacións e bicicletas	Subministro de bicicletas, postos de anclaxe, sistemas TIC e software de xestión para o servizo de bicicletas de uso público do Concello da Coruña	1.117.800,00	674.230,00	1.117.800,00	0,00
			Op14.3. Carrís bici	Carril bici: Mariscal Pardo de Cela	418.200,00		154.976,47
		Carril bici: Glorieta de Elviña e avenida Pablo Picasso		263.171,36			
LA15	Op15.1. Instalación de marquesiña piloto con zona de descanso, protección contra a auga, cobertura wifi, cargadores de móbiles, etc	Instalación de marquesiña piloto con zona de descanso, protección contra a auga, cobertura wifi, cargadores de móbiles, etc	240.000,00		238.789,99	1.210,01	
LA17	Op17.1. Mellora da eficiencia enerxética da iluminación na cidade da Coruña	Mellora da eficiencia enerxética da iluminación na cidade da Coruña	384.000,00		320.254,08	63.745,92	
LA18	Op18.1. Obras de mellora enerxética nos Centros Cívicos Municipais	Mellora da eficiencia enerxética no Centro Cívico de Elviña	768.000,00		589.676,90	178.323,10	
TOTAIS OT4				4.992.000,00	897.136,01	4.725.264,58	270.809,85

NOTA: A suma do gasto executado e do non executado supera en 4.074,43 € ao do orzamento inicial da actuación, por certificarse un gasto superior que foi obxecto de corrección.

OT6. Preservación e protección do medio e fomento da eficiencia dos recursos

OT	LA	OPERACIÓN (29)	ACTUACIÓN // DESCRICIÓN	PREVISIONES		DATOS DEFINITIVOS	
				ORZAMENTO INICIAL ACTUACIÓN (€)	MAIOR APORTAC. MUNPAL. (€)	GASTO EXECUTADO	GASTO NON EXECUTADO
OT6	LA1	Op1.1 - Mellora dos xardíns históricos	Restauración do xardín de San Carlos	341.500,00		341.434,87	65,13
		Op1.2 - Plan de humanización e naturalización do Paseo Marítimo	Plan de humanización e naturalización do Paseo Marítimo da Coruña (*)			2.223.868,79	55.065,12
	Redacción do proxecto construtivo, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde correspondentes ás obras do "plan de humanización e naturalización do Paseo Marítimo da Coruña"		2.202.500,00	46.489,27	28.677,74		
	LA2	Op2.1 - Memoria do bordo litoral e fluvial: recuperación de enclaves de costa, fontes, lavadoiros e cursos fluviais do municipio	Subministro, instalación e mellora do mobiliario do ENIL Torre de Hércules	177.000,00		165.129,58	55.065,12
			Observatorio de Aves	50.000,00		43.345,00	
			Sendero Atlántico	25.000,00		21.874,40	
			Obras de mellora da accesibilidade da cidadanía e do uso das praias do termo municipal da Coruña. Lote 1 Actuacións en paseos lindeiros e accesos.	180.000,00		98.214,51	
			Obras de mellora da accesibilidade da cidadanía e do uso das praias do termo municipal da Coruña. Lote 2. Actuacións en areal e equipamento			48.371,39	
	LA3	Op3.1 - Restauración paisaxística, medioambiental e patrimonial de lugares de interese turístico, cultural e ambiental dos barrios da cidade	Programa de arborización e paixasismo nos bordos da cidade compacta "Bosques da Coruña" (Bosque Breogán)	290.000,00		214.990,75	164.067,40
			Posta en valor do patrimonio cultural e natural do Cemiterio de San Amaro	785.000,00		766.412,63	
			Sendeiros da Coruña: sinalización, acondicionamento e divulgación TIC	221.000,00		150.529,22	
	LA4	Op4.1 - Creación e posta en marcha das hortas urbanas polos distritos da cidade	Creación e posta en marcha das hortas urbanas polos distritos da cidade	240.000,00	72.000,00	240.000,00	0,00
	LA5	Op5.1 - Mellora medioambiental e urbana no Parque Empresarial da Grela	Mellora medioambiental e urbana no Parque Empresarial da Grela			869.846,19	571,55
			Mellora da accesibilidade e vexetación na parada de bus nº 481 da rúa Newton	960.000,00	48.801,84	42.700,00	
Implantación pavimentos permeables e vexetación en zona de aparcamento C/ Galileo Galilei 20					46.882,26		
TOTAIS OT6				5.472.000,00	167.291,11	5.302.277,33	219.769,20

NOTA: A suma do gasto executado e do non executado supera en 50.046,53 € ao do orzamento inicial da actuación, pola existencia de correccións financeiras pendentes de confirmación nas SPB10 e 11 á data do presente informe.

(*) Ver páxina 14

OT9. Fomento da inclusión social e a loita contra a pobreza e contra calquera tipo de discriminación

OT	LA	OPERACIÓN (29)	ACTUACIÓN // DESCRICIÓN	PREVISIÓNS		DATOS DEFINITIVOS	
				ORZAMENTO INICIAL ACTUACIÓN(€)	MAIOR APORTAC. MUNPAL. (€)	GASTO EXECUTADO	GASTO NON EXECUTADO
OT9	LA22	Op22.1 - Servizo para a empregabilidade 2.0: Información e servizos de itinerarios integrais para emprego e servizos de formación para capacitación dixital e emprego 2.0. Reforma centro cívico Birloque e creación aula TIC (**)	Reforma centro cívico Birloque e creación aula TIC (**)	513.989,00	24.960,00	95.776,33	418.212,67
			Información e servizos de Itinerarios integrais para O emprego e servizos de formación para capacitación dixital e emprego 2.0 (natureza FSE) (**)	110.011,00		0,00	110.011,00
	LA26	Op26.1 - Equipamento e xestión de espazos para feiras e venta ambulante	Equipamento e xestión de espazos para feiras e venta ambulante	360.000,00		299.329,67	60.670,33
	LA27	Op27.1 - Remodelación interior e da funcionalidade de mercados municipais e actuacións nos espazos públicos colindantes dos mercados municipais dos barrios da cidade	Remodelación interior e da funcionalidade do mercado municipal de Durmideiras (*)	1.433.420,45	224.544,27	1.556.450,28	0,00
			Remodelación do espazo lindeiro aos mercados. Mercado de San Agustín	822.579,55		730.525,70	
	LA30	Op30.1 - Implementación de medidas de inclusión social e laboral e de apoio á empregabilidade para poboación e ámbitos territoriais en situación de risco ou en exclusión social. Rehabilitación e posta en funcionamento do Centro "García Sabell"	Rehabilitación e posta en funcionamento do Centro "García Sabell" (**)	544.320,00	85.158,43	516.071,90	28.248,10
			Implementación de medidas de inclusión social e laboral e de apoio á empregabilidade para poboación e ámbitos territoriais en situación de risco ou en exclusión social (FSE)	60.480,00		47.453,13	13.026,87
	LA31	Op31.1 - Creación dun centro de acollida de baixa esixencia	Creación dun centro de acollida de baixa esixencia (**)	523.200,00		274.605,44	248.594,56
	LA32	Op32.1 - Creación do observatorio municipal da igualdade e diversidade	Creación do observatorio municipal da igualdade y diversidade (**)	432.000,00		155.404,30	276.595,70
	LA33	Op33.1 - Recuperación e xestión do parque público de locais en desuso para a súa posta a disposición de mozas e mozos e colectivos informais	Reforma antiga cafetería "Remanso" na Praza José Toubes	480.000,00	364.839,69	394.737,66	0,00
Pista de skate, multideportes e reurbanización da Praza José Toubes			85.262,34				
TOTAIS OT9				5.280.000,00	699.502,39	4.155.616,75	1.155.359,23

NOTA: A suma do gasto executado e do non executado supera en 30.975,98 ao do orzamento inicial da actuación, pola existencia de correccións financeiras pendentes de confirmación nas SPB10 e 11 á data do presente informe.

(*) e (**) Ver páxina 14

Eixo 13. Asistencia técnica

OT	LA	OPERACIÓN (29)	ACTUACIÓN // DESCRICIÓN	PREVISIÓNS		DATOS DEFINITIVOS	
				ORZAMENTO INICIAL ACTUACIÓN (€)	MAIOR APORTAC. MUNPAL. (€)	GASTO EXECUTADO	GASTO NON EXECUTADO
Eixo 13	LA_AT	Op LA_AT-OpAT - Asistencia Técnica para a xestión e coordinación da estratexia DUSI EidusCoruña	AT Xestión	142.700,54	137.100,00	269.950,34	0,00
			AT Evaluación Externa	62.949,46		0,00	
			Persoal xestión	90.989,06	130.312,94	89.690,77	
			Outros gastos de Xestión EDUSI	51.839,98	30.000,00	0,00	
			Persoal comunicación	90.989,06	130.312,94	92.789,57	
			AT Control de Gasto e auditoría	41.732,90		28.770,32	
	LA_COM	Op LA_COM-OpCOM- Asistencia Técnica para a xestión do plan de comunicación da estratexia DUSI EidusCoruña	AT Comunicación	185.493,00		185.492,86	23.419,28
			Gastos I+P+C non contemplados na AT COM	67.520,00		43.769,42	
			Outros gastos de I+P+C Eidus (Eventos, etc)	15.786,00	31.572,00	16.117,44	
	TOTAIS Eixo 13				750.000,00	459.297,88	726.580,72

(*) Trátase de actuacións pendentes de finalizar, pero non hai perda de financiamento por chegar ao importe previsto no Pdl. Nesta situación atópanse as operacións:

- *Op1.2. Plan de humanización e naturalización do Paseo Marítimo da Coruña.* Aínda que a operación non estaba finalizada a 31/12/2023, alcánzase o 100% do importe da operación suxeito a cofinanciamento, declarándose estes gastos na SPB11 do 14/03/2024.

- *O 27.1. Remodelación interior e da funcionalidade do mercado municipal de Durmideiras.* A 31/12/2023 atopábase pendente de finalizar a tramitación da revisión de prezos, pero tamén alcánzase o 100% do importe da operación suxeito a cofinanciamento, declarándose estes gastos na SPB11 do 14/03/2024.

()** Trátase de actuacións pendentes de finalizar a súa execución, con perda de financiamento. Neste último caso, están as seguintes operacións:

- *Op22.1. Reforma centro cívico Birloque e creación aula TIC.* Operación inicialmente deseñada no Pdl en 624.000,00€, repartidos entre obra (513.989,00) e formación (110.011,00). Desta actuación certificouse (a 31/12/2023, período elixible) soamente un gasto de 95.776,33€ correspondente á parte da obra, polo que do financiamento FEDER inicialmente previsto de 499.200,00€ só recibíranse 76.621,06€, perdéndose toda a financiación na parte da formación. De forma resumida, atopámonos coa seguinte situación:

GASTO CERTIFICADO		FINANCIAMENTO REAL POR EXECUCIÓN		PERDA DE FINANCIAMENTO FEDER
Obra	95.776,33€	FEDER (80%)	76.621,06	334.570,14
		CONCELLO (20%)	19.155,27	
Formación	0,00€	FEDER (80%)	0,00	88.008,80
		CONCELLO (20%)	0,00	
			TOTAL	422.578,94

- *Op31.1. Creación dun centro de acollida de baixa exigencia.* Operación inicialmente deseñada no Pdl en 523.200,00€. Desta actuación certificouse un gasto de 274.605,44€ polo que do financiamento FEDER inicialmente previsto de 418.560,00€ só recibíranse 219.684,35€, perdéndose o resto da financiación. De forma resumida, atopámonos coa seguinte situación:

GASTO CERTIFICADO		FINANCIAMIENTO REAL POR EXECUCIÓN		PERDA DE FINANCIAMIENTO FEDER
Obra	274.605,44€	FEDER (80%) CONCELLO (20%)	219.684,35 54.921,09	198.875,65

- *Op32.1. Creación do observatorio municipal de igualdade e diversidade.* Operación inicialmente deseñada no Pdl en 432.000,00€, repartidos entre a creación dos indicadores do novo observatorio urbano, ferramenta e web (353.592,00) e a formación (78.408,00). Desta actuación certificouse un gasto de 155.404,30€ correspondente á parte dos indicadores do novo observatorio urbano, ferramenta e web, polo que do financiamento FEDER inicialmente previsto de 345.600€ só recibíranse 124.323,44€, perdéndose o resto da financiación. De forma resumida, atopámonos coa seguinte situación:

GASTO CERTIFICADO		FINANCIAMIENTO REAL POR EXECUCIÓN		PERDA DE FINANCIAMIENTO FEDER
Indicadores, ferramenta e web	155.404,30€	FEDER (80%) CONCELLO (20%)	124.323,44 31.080,86	142.868,56
Formación	0,00€	FEDER (80%) CONCELLO (20%)	0,00 0,00	78.408,00
			TOTAL	221.276,56

- *Op30.1. Rehabilitación e posta en funcionamento do Centro "García Sabell".* Operación inicialmente deseñada no Pdl en 604.800,00€, repartidos entre obra (544.320,00) e formación (60.480,00). Desta actuación certificouse un gasto total de 563.525,03€ correspondente á parte da obra e tamén da formación, pero, pola existencia de correccións financeiras nas SPB 8 e 9, o importe finalmente validado correspondente á obra foi de 510.314,86€ e da formación 47.453,13€. Polo tanto, do financiamento FEDER inicialmente previsto de 483.840,00€ correspondente a esta operación, só recibíranse 446.214,39€, perdéndose o resto da financiación e quedando ademais por tramitar a liquidación da obra e a revisión de prezos. De forma resumida, atopámonos coa seguinte situación:

GASTO VALIDADO		FINANCIAMIENTO REAL POR EXECUCIÓN		PERDA DE FINANCIAMIENTO FEDER
Obra	510.314,86€	FEDER (80%) CONCELLO (20%)	408.251,89 102.062,97	27.204,11
Formación	47.453,13 €	FEDER (80%) CONCELLO (20%)	37.962,50 9.490,63	10.421,50
			TOTAL	37.625,61

As **porcentaxes de execución** (importe executado sobre o orzamento do Pdl da estratexia) son:

Obxectivo Temático	Orzamento do Pdl EidusCoruña	Orzamento do Pdl Executado	Porcentaxe execución do Pdl
OT2	2.256.000,00	2.107.441,78	93,41%
OT4	4.992.000,00	4.725.264,58	94,66%
OT6	5.472.000,00	5.302.277,33	96,90%
OT9	5.280.000,00	4.155.616,75	78,70%
Eje 13	750.000,00	726.580,72	96,88%
TOTAL	18.750.000	17.017.181,16	90,76%


PORCENTAXE DE EXECUCIÓN TOTAL = 90,76%

4. Modelo de Participación e GAU


Para unha correcta execución e desenvolvemento da estratexia urbana EidusCoruña, toda a cidadanía, de maneira organizada ou non, debe dispoñer de mecanismos para participar na súa implementación. De esta premisa partiu o [Modelo de Participación da estratexia EidusCoruña](#) deseñado para dar cumprimento a estes requisitos mediante o deseño dun esquema organizativo con dous marcos de actuación principais:

- o modelo de **participación interna**, que pretende sentar as bases dun modelo de interacción social entre as distintas áreas e servizos municipais implicados, o que permitirá canalizar a participación así como articular a implicación dos devanditos actores na definición e posterior execución das operacións.
- o modelo de **participación externa**, que regula as relacións coa cidadanía e os seus órganos de representación, mediante un modelo de relación entre o Concello e os axentes sociais e económicos da cidade para o desenvolvemento da estratexia EidusCoruña.

ESQUEMA ORGANIZATIVO DE LOS MARCOS DE PARTICIPACIÓN EXTERNA



ESQUEMA ORGANIZATIVO E INSTITUCIONAL DE LOS MARCOS DE PARTICIPACIÓN INTERNA



Ademais do Modelo de Participación descrito, existen **dous anexos ao mesmo** que non figuran na web por mor de respectar a protección de datos das persoas presentes nas reunións levadas a cabo:

- e) Anexo I: Xustificación documental dos procesos participativos e mecanismos de consulta desenvolvidos por Operación en EidusCoruña, realizado en outubro de 2021
- f) Anexo II: Propostas de actuacións no marco do Modelo de Participación EidusCoruña, elaborado en novembro de 2021.

Documento: [Modelo de Participación da estratexia urbana EidusCoruña](#)

O [GAU \(Grupo de Acción e participación Urbana\)](#) é o órgano de consulta, participación e coordinación social da Estratexia.

A súa función principal é realizar un proceso de participación permanente durante a execución das actividades do proxecto EidusCoruña, así como a súa avaliación en función da temporalidade dos informes externos emitidos para o efecto (informes de avaliación intermedio e final). Ao ser un instrumento de participación cidadá propio da Estratexia EidusCoruña, a súa vixencia alcanzará ata a finalización do proxecto.

A constitución do GAU aprobouse na Xunta de Goberno Local do 15 de xullo de 2020 e no seu [Certificado de constitución e anexo](#) detállase a súa composición.

O 17 de novembro de 2020 tivo lugar a sesión constitutiva e inmediatamente despois tivo lugar a primeira sesión. Nesa mesma data aprobaróense as [Normas de Funcionamento do Grupo de Acción Urbana \(GAU\)](#) da estratexia EidusCoruña.

Ademais da sesión constitutiva, tiveron lugar, desde o ano 2020 ata o 2023, 6 sesións ordinarias, cuxas actas pódense consultar na web de EidusCoruña ademais de neste mesmo informe:

- [Acta da sesión constitutiva do GAU](#) . 17 de novembro de 2020
- [Acta da 1ª sesión do GAU](#) 17 de novembro de 2020
- [Acta da 2ª sesión do GAU](#) . 29 de xuño de 2021
- [Acta da 3.ª sesión do GAU](#) . 23 de novembro de 2021
- [Acta da 4ª sesión do GAU](#) . 27 de xuño de 2022
- [Acta da 5.ª sesión do GAU](#) . 21 de novembro de 2022
- 6ª sesión do GAU. 3 de novembro de 2023 (sen acta a data deste informe)

5. Principios Horizontais e Obxectivos Transversais en EidusCoruña

En cumprimento do establecido no art. 7 do RDC, existen unha serie de principios que toda Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) debe cumprir e aplicar de forma transversal obrigatoriamente. Son os principios de igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, sustentabilidade e participación cidadá.

Existen outros que cada entidade beneficiaria de fondos europeos define como [proprios da súa estratexia](#). No caso do Concello da Coruña toda son 6 máis, e cada unha das operacións definidas ten como obxectivo inicial o cumprimento daqueles nos que a operación actúe:

Operación (LA)	Principios horizontais e obxectivos transversais					
	Requiridos por EidusCoruña					
	Accesibilidade	Cambio demográfico	Mitigación cambio climático	Economía Circular	Estratexia Metropolitana Innovación	Transparencia
LA_AT-OpAT	N/A (No aplica)					
LA_COM-OpCOM	N/A (No aplica)					
LA1-Op1.1	SI	N/A	N/A	N/A	N/A	SI
LA1-Op1.2	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA2-Op2.1	SI	N/A	N/A	N/A	N/A	SI
LA3-Op3.1	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA4 -Op4.1	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA5-Op5	SI	N/A	SI	N/A	N/A	SI
LA9-Op9.1	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA9-Op9.2	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA9-Op9.3	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA10-Op10.1	SI	N/A	N/A	N/A	SI	SI
LA11-Op11-1-4	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA13-Op13.1	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA14-Op14.1	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA14-Op14.3	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA15-Op15.1	SI	N/A	SI	SI	SI	SI
LA17-Op17-1	SI	N/A	SI	N/A	SI	SI
LA18-Op18.1	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA20-Op20.1	SI	N/A	SI	N/A	N/A	SI
LA21-Op21.1	SI	N/A	N/A	N/A	N/A	SI
LA21-Op21.2	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA22-Op22.1	SI	N/A	N/A	SI	N/A	SI
LA26-Op26.1	SI	N/A	SI	N/A	N/A	SI
LA27-Op27-1-2	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA30-Op30.1	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA31-Op31.1	SI	N/A	SI	SI	N/A	SI
LA32-Op32.1	SI	N/A	N/A	N/A	SI	SI
LA33-Op33.1	SI	N/A	SI	N/A	N/A	SI

Tras a finalización de estratexia EidusCoruña, pódese concluir que:


- A accesibilidade foi un principio recollido en todas as operacións da estratexia.
- O cambio demográfico como tal non se recolle de maneira explícita en ninguna das Expresiones de Interese, dos DECA, ou Pregos de Prescricións Técnicas.
- A mitigación do cambio climático aparece en 21 das 27 operacións
- A inclusión do principio de economía circular se contempla en 10 das 27 operacións.
- A Estratexia Metropolitana de Innovación aplícase en 11 das 27 operacións.
- O obxectivo de transparencia cúmprese na totalidade das 29 operacións da estratexia, xa que aunque as dúas operacións de asistencia técnica non estaban incluídas no estudo, pódese afirmar con total rotundidade que a estratexia cumpriu sobradamente con este principio, de gran relevancia ao longo de todo o desenvolvemento e execución da estratexia EidusCoruña.

[Informe final de situación dos principios horizontais e obxectivos transversais da estratexia EidusCoruña no período 2017-2023.](#) Decembro 2023

6. Contido e estrutura da web EidusCoruña


A web da estratexia EidusCoruña, coruna.gal/eidus, foi publicada o 1 de marzo de 2018 e recibiu a aprobación formal por parte da Autoridade de Xestión (AX) do Ministerio de Facenda o 5 de marzo de 2018. Desde ese momento o seu contido e nivel de transparencia fóronse incrementando co avance da estratexia.

Os seguinte gráfico amosa a evolución da audiencia da web desde o ano 2018 ata o final de 2023:



Audiencia do 01/01/2018 aodo 23/02/2023. Fonte: Google Analytics

O 22/02/2023 a análise de audiencias migrou de Google Analytics a Google Analytics 4, polo que os datos do ano 2023 ano teñen que ser presentados separadamente xa que cada plataforma só recolle a información do periodo no que estaba funcionando cada unha delas.




Audiencia do 23/02/2023 ao 31/12/2023. Fonte: Google Analytics 4

O resultado da suma das audiencias recollidas nas dúas plataformas entre o 2018 e o 2023 é o seguinte:

- SESIÓNS: 63.971+ 10.461= 15.187
- USUARIOS: 45.857 + 7.271= 11.205

A continuación preséntase a audiencia desagregada por anos:

AUDIENCIA	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
SESIÓNS	7.066	8.898	8.200	14.487	20.594	15.187	74.432
USUARIOS	3.313	6.006	5.253	10.425	16.926	11.205	53.128



O incremento da audiencia nos anos 2021 e 2022 é directamente proporcional á inversión en publicidade. Nos anos mencionados foi executado o contrato de “Servizos de Asistencia Técnica de Información, Publicidade e Comunicación da estratexia”, cun importe de adxudicación de 185.493€, destinado á difusión das Boas Prácticas e dos aspectos transversais da estratexia, a cargo do eixo 13.

En relación á **transparencia**, cabe destacar a importancia da páxina web no cumprimento deste principio. A web conta co apartado [MAPA DE OBRAS](#) que achega á cidadanía toda a información referente ás actuacións co-financiadas polo FEDER a través de ligazóns, vídeos e imaxes actualizadas a medida que se avanza a súa execución.

Reurbanización do tramo final de Ramón Cabanillas



ENDEREZO: Rúa Ramón Cabanillas.

INFORMACIÓN XERAL	▼
DESCRICIÓN	▼
LIGAZÓNS DE INTERESE	▼



Exemplo da [visualización da Reurbanización dun tramo da rúa Ramón Cabanillas](#)

A creación do material audiovisual publicado no mapa de obras e nas redes sociais levouse a cabo a través de dous contratos que forman parte da operación LA_COM-OpCOM do Eixo 13:

- “Servizos de Asistencia Técnica para a produción, gravación, realización e edición de vídeos”: con este contrato producíronse 54 vídeos e 1.350 fotografías da maioría das actuacións da estratexia EidusCoruña que recollen as evidencias do estado anterior, do desenvolvemento das actuacións e do resultado final.
- “Servicio de Asistencia Técnica de información, publicidade y comunicación da estratexia EidusCoruña”: contrato co que se produciron outros catro vídeos cun obxectivo publicitario, destinados a difundir a estratexia en redes sociais ([Youtube](#), [Facebook](#), [Instagram](#)). Con este contrato tamén se levaron a cabo o resto de accións de comunicación (eventos, anuncios en prensa, radio, TV, etc.) previstas no “Estudo de I+P+C”

A web Eidus tamén incorpora o apartado [EIDUSCORUÑA EN CIFRAS](#), como ferramenta de **rendición de contas** baseada no software Power BI, no que a cidadanía pode visualizar o avance na execución da estratexia a través de datos, filtros e gráficos. A información actualízase periodicamente coincidindo coa presentación formal de cada SPB (Solicitud de Pago ao Beneficiario).

Pódense consultar os datos recollidos pola ferramenta no banner de acceso situado no inicio da web:




<https://informebi.es/eiduscoruna/>

7. Plan I+P+C (Información, Publicidade y Comunicación)

Dentro das actuacións realizadas no marco do lanzamento da estratexia o 1 de marzo de 2018, aprobouse o “[Plan de Comunicación do Proxecto EidusCoruña](#)”, que pretende ser un manual e unha guía estratéxica que marca as liñas xerais de comunicación do proxecto, sinalando de forma clara e concisa **que** contar (mensaxe) e **como** contalo (accións).


O concello da Coruña ten a obriga de xestionar os fondos recibidos en materia de I+P+C seguindo a normativa europea vinculante para todas as entidades beneficiarias de fondos FEDER. Neste sentido, o día 05/11/2020 firmouse un acordo coa Autoridade de Xestión do Ministerio de Facenda denominado “Estudo de I+P+C” que representa o **compromiso das actuacións e gasto** a realizar para dar visibilidade á estratexia EidusCoruña. Neste documento, establécese un compromiso de gasto en materia de I+P+C de 322.799 €, dos cales 268.799 € destínanse á comunicación das Boas Prácticas (eixo 13), e 53.991 € diríxense ao cumprimento dos requisitos obrigatorios de comunicación de todas as actuacións (eixo 12) tales como carteis temporais, placas permanentes e outras accións de comunicación.

Na seguinte táboa preséntase o **compromiso de gasto desagregado por accións de comunicación**:



O gasto de I+P+C previsto e executado a 31/12/2023 pódese resumir como segue:

	PREVISTO	EXECUTADO	NON EXECUTADO	% EXECUCIÓN
EIXE 12	53.991,00 €	42.250,13 €	11.740,87 €	78,25%
EIXE 13	268.799,00 €	245.788,31 €	23.010,69 €	91,44%
TOTAL	322.790,00 €	288.038,44 €	34.751,56 €	89,23%



Para medir o cumprimento do compromiso de gasto previsto utilízase o indicador de produtividade E043: Accións de Información e comunicación incluídas dentro do Plan de Comunicacións dos Programas Operativos FEDER 2014-2020. No seguinte cadro resúmese o cómputo deste indicador desagregado por accións de comunicación realizadas ata o 31/12/2023:

Actuacións de comunicación según estudio I+P+C	IP E043
Eventos	5
Anuncios en prensa dixital	20
Anuncios en prensa local	8
Anuncios en prensa rexional	2
Anuncios en prensa escrita especializada	1
Publirreportaxe en periódico rexional	1
Anuncios en redes sociais	14
Cuñas en radio ámbito nacional	5
Cuñas en radio ámbito local	1
Merchandising	3
Vídeos	61
Total	121

8. Boas Prácticas

A detección, análise e transferencia de Boas Prácticas (BP) é o eixo fundamental de todas as estratexias de comunicación. Constitúe unha ferramenta esencial para a xestión pública e para o avance na consecución dos obxectivos da Política Rexional Comunitaria regulada pola normativa europea. O [Regulamento nº 1303/2013 de Disposicións Comúns do FEDER](#), establece no seu art. 116.4 que “a Comisión creará redes da Unión que comprendan aos membros designados polos Estados membros, a fin de garantir o intercambio de información sobre os resultados da aplicación das estratexias de comunicación, o intercambio de experiencia na aplicación das medidas de información e comunicación e o intercambio de Boas Prácticas”

Para dar cumprimento ao regulamento, o Ministerio de Facenda elaborou a [Estratexia de Comunicación do POPE](#), na que figura a medida C.3.5 relativa á elaboración dunha base de datos de Boas Prácticas das actuacións cofinanciadas polo FEDER. Esta medida establece que “a súa presentación farase a través dun informe de Boas Prácticas (formulado en castelán e en inglés), no que se presentará con linguaxe accesible e clara a Boa Práctica e achegaranse os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento dos (...) criterios, así como canta documentación gráfica e documental de apoio se considere oportuna. Así mesmo, deberase facilitar o importe da axuda e o gasto total ao que ascende a operación en cuestión e o impacto da mesma en termos de desenvolvemento económico e emprego. Todos os organismos públicos que reciban Fondos procedentes da Política de Cohesión neste Programa Operativo deberán presentar polo menos unha boa práctica por ano”

Ao longo do período 2014-2020, o Concello da Coruña presentou **sete informes de Boas Prácticas** que foron publicados no apartado [Boas Prácticas](#) da web Eidus.

As Boas Prácticas presentadas e validadas polo Ministerio de Facenda son as seguintes:

1. Reforma do equipamento da praza José Toubes para centralizar actividades cívicas e sociais destinadas a mozas e mozos no barrio de Catro Camiños
2. Actuacións de mellora da mobilidade urbana nas rúas Ramón Cabanillas, Vitoria Fernández, A nosa Señora do Rosario, Cortaduría e polígono de Pocomaco (peonalización, retirada de barreiras arquitectónicas e mellora do firme)
3. Renovación do parque de bicicletas e compra de bicicletas eléctricas
4. Remodelación do Mercado municipal de Durmideiras creando unha rede de dinamización do comercio local
5. Acondicionamento de pavimentos e cubertas no Cemiterio de San Amaro para recuperar o seu valor turístico, cultural e ambiental
6. Rede de sensores de medición ambiental e difusión de datos a través da aplicación informática de xestión.
7. Instalación de sensores e aplicación informática para a medición do consumo enerxético público e privado nos barrios da cidade.

9. Plan de Aseguramento da Calidade

Unha vez concedida a axuda FEDER para a estratexia EidusCoruña, o Concello da Coruña a iniciativa propia elaborou e desenvolveu o seu **Plan de Aseguramento da Calidade**, cuxo obxectivo era definir os controis a aplicar para garantir a correcta execución do "Manual de Procedementos do Concello da Coruña. Definía o interese e a implicación do concello na execución da estratexia con total transparencia, tanto na súa estrutura como na súa organización e desenvolvemento.

O primeiro Plan presentouse ante a Comisión Informativa Especial EidusCoruña o 26 de febreiro de 2018, con carácter previo a súa aprobación na Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 01/03/2018, na que se aprobou o lanzamento de toda a convocatoria de Expresións de Interese (EdI) así como o desenvolvemento e execución da estratexia. Posteriormente, realizouse unha versión 2 de este **Plan de Aseguramento da Calidade**, aprobada en XGL o 30 de decembro de 2020.

Ademais de establecer unhas liñas e actuacións definidas, cuxo cumprimento garantizan a correcta execución da estratexia tanto na xestión administrativa interna como na posterior certificación e auditoría ante os organismos estatais e europeos, establece unha serie de grupos de traballo ou *Círculos* que deben servir para vixiar e supervisar as actuacións municipais:

- ✓ **Círculo de Calidade**, cuxo obxectivo é asegurar o bo funcionamento do Programa Operativo baixo o que xurdiu a convocatoria nacional das EDUSI (o Programa Operativo Plurirrexional de España, POPE), e alcanzar unha mellora continua do procedemento e toma de decisións en caso de necesitar realizar correccións tendo en conta a realidade da execución dos traballos. Ademais da sesión de constitución (xullo 2018) celebráronse 5 reunións máis: xullo e novembro do ano 2018, decembro de 2020, novembro 2021 e novembro 2022. No ano 2023 non celebrouse sesión. Destaca o Círculo de decembro de 2020 pola extensión e complexidade dos seus contidos e temas acordados: guía de tramitación e sistemas de verificación, DACIs, integralidade dos expedientes e pistas de auditoría, etc. No ano 2021 tratáronse os temas: correccións financeiras, conformación das pistas de auditoría e definición do Plan de Continxencia, reafirmándose os acordos alcanzados no Círculo anterior. No Círculo de Calidade do ano 2022 tratáronse temas de peche de operacións (con cambios posteriores por parte do Organismo Intermedio de Xestión, OIX), así como un resumo das principais incidencias en auditoría e controis detectadas, e traslado dos informes de mellora redactados pola empresa auditora ARCA Consortium.
- ✓ **Círculo de Boas Prácticas en materia de Comunicación**, que pretende garantir a transparencia da estratexia e fomentar a comunicación á cidadanía de modo que se poida visibilizar o impacto das actuacións cofinanciadas na cidade. Ademais da sesión de constitución de novembro de 2018, celebráronse 3 reunións máis: decembro de 2020, outubro de 2021 e decembro de 2022, é dicir, tiveron carácter anual, agás no ano 2023.
- ✓ **Grupo Permanente sobre Estratexia e Modelo de Desenvolvemento Urbano da cidade e entorno metropolitano**, cuxo obxectivo principal é comprobar o avance das actuacións cofinanciadas e valoralas en relación ao modelo de cidade, así como detectar incoherencias entre os diferentes programas do Concello. Ademais da sesión de constitución (xullo 2018) celebráronse 2 reunións máis: xullo 2018 e novembro de 2018. Non se celebraron máis reunións deste Grupo de traballo.

10. Comité de Avaliación de Risco de Fraude

Entre os compromisos adquiridos polas entidades beneficiarias dos fondos europeos, o Concello da Coruña adheriuse ao compromiso asumido pola Autoridade de Xestión (AX) en España, cumprindo as obrigas referidas a reforzar a política antifraude.

Para iso analizáronse e describíronse os controis existentes no concello, entre eles:

- [Declaración Institucional Antifraude](#)
- [Avaliación Risco de Fraude](#)
- [Código de conduta e principios éticos por parte dos empregados](#)

Ademais destes, o Concello da Coruña constituíu o Comité Antifraude da EidusCoruña o 14 de setembro de 2017, formado por membros do propio concello da Coruña que ocupan postos de relevancia e poder e control executivo dentro da estrutura municipal.

Tras un tempo prudencial de implementación de operacións, procedementos de contratación e execución de gasto no ámbito da estratexia, momento no que xa existía a posibilidade de evitar e analizar posibles riscos de fraude, tras a redacción da nova versión revisada do Manual de Procedementos, este Comité pasou a denominarse “Comité de Avaliación de Risco de Fraude”. A partir deste momento, as reunións tiveron xa carácter anual:

- [Acta constitución del comité antifraude](#)
- [Acta do Comité de Avaliación de Risco de Fraude](#), 15 de xaneiro de 2021
- [Acta Comité de Avaliación de Risco de Fraude](#), 23 novembro 2022
- [Acta Comité de Avaliación de Risco de Fraude](#), 26 outubro 2023

11. Resultado dos procesos de verificación e control

11.1 Remanentes e outros gastos non executados

Por un lado teñen a consideración de remanentes para a súa utilización (a efectos de DUSI_FEDER) todos os fondos ata o gasto autorizado como Pdl para cada operación que proveñan de baixas nas adjudicacións, establecemento de penalidades, descontos efectuados nos pagos das facturas a provedores por compensación de débedas pendentes coa administración, ou incluso correccións financeiras, de xeito que poden ser reinvestidos dentro da mesma operación ata alcanzar o límite do Pdl asignado para esa operación.

Pola outra banda teñen a consideración de gastos non executados a efectos de DUSI_FEDER, todos aqueles gastos que estando comprometidos (isto é, adjudicados os seus contratos ou incluso contratos non adjudicados aínda pero que han de executarse para dar cumprimento a unha operación ou á estratexia) non foron pagados antes do 31/12/2023 e, polo tanto, non pode solicitarse a súa cofinanciación.

11.2 Funcionalidade das operacións

Para que unha operación teña a consideración de funcional e, por tanto, poida considerarse elixible e subvencionable, ten que poder declararse que a totalidade de bens, infraestruturas e/ou servizos vinculados cos investimentos declarados na operación son funcionais e atópanse plenamente operativos, estando adscritos ao uso ou á prestación daquelas funcións que son acordes á súa natureza, isto é, os bens, servizos e subministracións contratados obtivéronse conforme aos pregos reguladores do contrato e están ao dispor do público ou os seus destinatarios.

Se a operación e menor a 1M€ ten como data límite para demostrar a súa funcionalidade o 15/10/2024; no caso de operacións de máis de 1M€, a data para demostrala será febreiro de 2027.

11.3 Contratos

Vinculáronse 77 contratos a operacións Eidus, dos cales 11 baixo a fórmula de contratación menor, sendo os outros abertos.

11.4 Auditorías: resultados e conclusións

As auditorías foron obxecto de aclaracións e alegacións sobre aspectos como os prazos de execución, contabilidade diferenciada, composición das mesas, fraccionamento de contratos, urxencia, etc. Como resultado, foron admitidas as alegacións referentes ao fraccionamento de contratos e á ambigüidade en criterios de valoración. En cambio, foron rexeitadas as alegacións sobre a presenza de normas UNE nos pregos de contratación sen a mención aos seus "equivalentes", polo que a AX aplicou unha corrección financeira do 5% en todos os contratos onde non se mencionou esta palabra, isto é aplicouse unha redución no volume de gasto subvencionable do 5%.

11.5 Correccións financeiras

As primeiras correccións financeiras impostas tiveron lugar con ocasión da SPB8, unha por exceso de gasto subvencionable por erro na imputación do gasto, e outras relativas á presenza de normas UNE, que supuxeron unha redución do 5% do gasto presentado en diversos contratos afectados pola devandita irregularidade, e que afectou ao gasto presentado deses mesmos contratos na SPB9 e posteriores.

12. Avaliación final

En marzo de 2024, unha vez finalizada a execución da estratexia EidusCoruña e o seu Pdl, levouse a cabo unha avaliación externa cuxa finalidade é proporcionar unha visión xeral da mesma, tanto do proceso de execución como dos resultados obtidos.

Avaliase atendendo aos Regulamentos, que establecen a obrigação de levar a cabo avaliacións de eficacia, eficiencia e impacto da axuda dos Fondos do Marco Estratéxico Común (MEC), co obxectivo de mellorar a calidade na execución e o deseño dos programas, e determinar os efectos dos mesmos en relación coas metas da estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sostible e integrador.

O Informe de Avaliación segue a metodoloxía de avaliación de proxectos financiados con Fondos Estruturais, o que presenta limitacións á hora de avaliar proxectos e/ou actuacións que non son financiadas cos devanditos Fondos, como é o caso das actuacións Non Pdl e dos proxectos vinculados á estratexia EidusCoruña, xa que estes proxectos non están suxeitos a procedementos nin a criterios de xestión que os citados Fondos establecen. Dada as dificultades obxectivas que expuña a avaliación das devanditas actuacións Non Pdl coa metodoloxía de Fondos Estruturais, optouse por centrar o Informe de Avaliación só nas actuacións do Plan de Implementación (Pdl).

Neste proceso de avaliación empregáronse **enfoques tanto cuantitativos como cualitativos**, e analizáronse non só aspectos orzamentarios, senón un abanico amplo de aspectos relativos á xestión e impacto das actuacións, atendendo aos criterios de avaliación definidos no Plan de Avaliación: eficacia, eficiencia, pertinencia, sustentabilidade e impacto. O **obxectivo principal** do traballo foi comprender a fondo e dar sentido ao que sucede no proxecto, posibilitando a formulación de recomendacións e a toma de decisións para impulsar melloras significativas, facilitando identificar barreiras que obstaculizaron a execución das accións previstas, así como as actuacións que alcanzaron os mellores resultados e con maior potencial de transferencia e continuidade como boas prácticas.

A **metodoloxía** do modelo de avaliación pon énfase na análise e valoración en base a datos proporcionados polo sistema de seguimento, e busca servir de oportunidade para a comprensión, o debate e mellora continua do rendemento da Estratexia Local impulsada polo Concello da Coruña. A avaliación realizada permitiu:

- Analizar se a execución da EDUSI responde ao esperado e aprobado no marco da convocatoria do Programa Operativo do FEDER.
- Medir a execución da estratexia en base a indicadores obxectivamente verificables e contribuír á avaliación a nivel do Programa.
- Contribuír á revisión e reflexión das Unidades implicadas na súa execución e xestión, achegando propostas de mellora alí onde se identificaron barreiras ou carencias.

Da combinación de ambas as análises (cuantitativo e cualitativo) extraéronse conclusións e evidencias, determinando a idoneidade das accións executadas, detectando desviacións e resaltando efectos positivos, sinerxías con outras iniciativas, innovacións e aspectos susceptibles de continuación e replicación.

O desenvolvemento detallado e exhaustivo de todos os epígrafes atópase no Informe de Avaliación completo, que se pode consultar na correspondente sección da web do proxecto EidusCoruña:

<https://www.coruna.gal/eidus/gl/certificacions-e-informes/informes-de-execucion-anual>

13. Glosario de termos e acrónimos:

- AX: Autoridade de Xestión
- AT: Asistencia Técnica
- BP: Boas Prácticas
- CTI: Comité Técnico de Impulso
- DECA: Documento que Establece as Condicións da Axuda
- EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado)
- EdI: Expresión de Interese
- FEDER: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
- GAU: Grupo de Acción Urbana
- I+P+C: Información, Publicidade e Comunicación
- LA: Liña de Actuación
- MAM: Maior Aportación Municipal
- OIX: Organismo Intermedio de Xestión
- OT: Obxectivo Temático
- Op: Operación
- Pdi: Plan de Implementación
- POPE: Programa Operativo Plurirrexional de España
- RDC: Regulamento nº 1303/2013 de Disposicións Comúns do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013
- SPB: Solicitud de Pago ao Beneficiario
- UdX: Unidade de Xestión
- UdE: Unidade de Execución
- UUEE: Unidades Executoras
- XGL: Xunta de Goberno Local

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento

O Servizo de proxectos e estratexias con fondos europeos, e todo o equipo DUSI do Concello da Coruña que forma a Unidade de Xestión (UdX) da estratexia EidusCoruña.

José Manuel Peña Penabad
Belén Menéndez Ares
Carmen Novás Fernández
Sandra Suárez Varela
Lucía Vázquez Salinas

Firmado por JOSE MANUEL PEÑA PENABAD -
***4196** el día 01/04/2024 con un
certificado emitido por IvSign Global CA